

CONCELLOS



Dársena da Coruña coas características galerías da Mariña de fondo



Torre de Hércules (A Coruña)



Edificio modernista A Terraza (Sada)



Vista aérea da señorial vila de Betanzos



Praza de María Pita e pazo municipal (A Coruña)

Abegondo

Un dos seus maiores atractivos son as súas paisaxes, marcadas polos encoros de Abegondo-Cecebre, declarada Zona Especial de Conservación, e Beche, aínda que tamén é coñecido pola súa vinculación á nobreza galega, con pazos como o de Pastoriza ou Figueroa.

Aranga

Destaca polos seus restos prehistóricos, con varios campos de dolmens e castros como o das Cotorras, sen esquecer a súa arquitectura popular.

Arteixo

Situado no extremo occidental do golfo Ártabro, combina a natureza agreste das súas praias batidas cunha puxante paisaxe industrial, co seu polígono de Sabón como fonte de desenvolvemento económico.

Bergondo

É un dos concellos mellor comunicados da provincia. O seu gran referente é o pazo de Mariñán e os seus xardíns, aínda que tamén destacan xoias artísticas como o mosteiro e igrexa de San Salvador, ademais das súas tranquilas praias, como a de Gandarío.

Betanzos

A importancia histórica vén marcada polo seu papel como unha das sete capitais do Antigo Reino de Galicia. Cun imponente patrimonio artístico, no que destaca a arquitectónico, é famosa a súa festa dos Caneiros, coas barcas engalanadas subindo polo río Mandeo, e o lanzamento do globo durante as festas de San Roque.

Cambre

A súa oferta baséase, tanto na riqueza de contornos naturais como no seu patrimonio histórico-artístico, no que destaca a igrexa románica de Santa María, do século XII e conservada en perfectas condicións.

Carral

Municipio coñecido pola excepcionalidade do seu pan e a súa antiga tradición así como pola súa empanada, outra estrela da gastronomía local. Ademais conta cunha gran área recreativa situada nos arredores do monte Xalo desde onde gozar dunha impresionante panorámica.



Igrexa románica de Santa María (Cambre)



Pazo de Mariñán (Bergondo)



Campo da Prata (A Coruña)

Coirós

O sendeirismo é o grande atractivo, con oito rutas adaptadas a distintos niveis de dificultade, nas que atopamos desde centrais hidroeléctricas ata ruínas dun antigo balneario. E para unhas maravillosas vistas panorámicas destas terras, destacan a Pena Furada e o miradoiro de Espenuca.

A Coruña

De fonda tradición ilustrada e mariñeira, esta cidade de cristal bañada ao completo polo Atlántico é ideal para o paseo, as compras ou a boa mesa. Coas súas características galerías e os seus extensos areais urbanos, destaca pola súa vida nocturna.

Culleredo

Marcado pola convivencia entre o aeroporto e núcleos rurais, destaca polo paseo fluvial do Rego das Xesteiras, conformado por once muiños, ademais de polas fermosas paisaxes fluviais da ría do Burgo.

Irixoa

Está situada nunha zona de transición entre a chaira da Terra Chá e as comarcas costeiras das Mariñas, o que lle confire unha singular paisaxe fluvial.

Miño

Esta localidade, declarada municipio de interese turístico e que está a medio camiño entre A Coruña e Ferrol, ofrece nos seus máis de sete quilómetros de costa fermosas praias ideais para familias con nenos.

Oleiros

Próspera localidade moi próxima á Coruña. É un dos referentes turísticos de veraneo polas súas fermosas praias, a gastronomía e a oferta de ocio. O seu patrimonio abrangue xoias románicas como Santa María de Dexo ou castelo de Santa Cruz.

Oza-Cesuras

"Un bo sitio para vivir" é o lema deste municipio nacido da fusión de dúas poboacións. No que destaca a ruta da Rexidoira, unha das máis diversas do sendeirismo galego.

Paderne

A fermosa paisaxe natural marcada polos ríos Lambre e Mandeo, destaca nesta localidade pertencente á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. O seu escudo presenta cunchas de vieira como testemuña do paso do Camiño Inglés por estas terras.

Sada

Representa un dos enclaves turísticos e mariñeiros máis importantes do litoral norte de Galicia. Nestas terras conviven mesturadas nobres torres con casas de pescadores e edificios modernistas, como a Terraza.



Festas de María Pita (A Coruña)



Xardíns do pazo de Mariñán (Bergondo)



Lumeradas de San Xoán (A Coruña)

QUE VISITAR:

NATUREZA

Praias. Na Coruña, as praias urbanas de Riazor, Orzán-Matadoiro e As Lapas conforman un dos paseos marítimos urbanos máis longos de Europa. Cara Arteixo atopamos a beleza do mar aberto, nas praias de Barrañán e Valcobo, e en Oleiros, Sada e Miño, a serenidade de areais frecuentados por numerosos turistas.

Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo.

17 municipios deste xeodestino conforman un mesmo espazo protexido coa figura da Reserva da Biosfera, formada principalmente polas cuncas dos ríos Mero e Mandeo.

Encoro de Abegondo-Cecebre. É un dos humedais máis importantes de Galicia, cunha paisaxe poderosa xerada pola presa de Cecebre, que garante o abastecemento de auga a boa parte da área metropolitana da Coruña e é referente en flora e fauna.

Monte de San Pedro. Este antigo punto defensivo da Coruña foi convertido no seu mellor miradoiro. Dende o alto divisase a mellor panorámica da cidade, cos barcos guiados pola Torre de Hércules, e tamén ofrece unhas fermosas postas de sol.

Lugar de Chelo. Esta fermosa paraxe fluvial está situada no val da Espenuca, foi declarada paisaxe pintoresca. Para coñecer mellor a súa contorna, pódese optar por algunha das rutas de sendeirismo que ten asociada.

MUSEOS

Museos Científicos Coruñeses. A Casa das Ciencias, a Domus e o Aquarium Finisterrae converten A Coruña en capital da divulgación científica. "Prohibido non tocar" é o lema destes espazos interactivos.

Casas-Museo. Pablo Picasso nos tempos de mocidade, unha grande das letras galegas como Emilia Pardo Bazán ou a brava María Pita. Os tres teñen en común que viviron na Coruña e as súas casas consérvanse para a visita do público.

Museo das Mariñas. Situado en Betanzos, amosa numerosas pezas arqueolóxicas e etnográficas, como as variantes do traxe galego ou a colección de tapices e encaixes da Fundación Jiménez Cossío.

PATRIMONIO

Faros. A Torre de Hércules é o principal deste xeodestino. Sinal de identidade da Coruña, Patrimonio da Humanidade e o faro romano en funcionamento máis antigo do mundo, tres grandes motivos para visitar esta gran vixia envolta en lendas. Outro destacado é o faro de Mera, balcón privilexiado da costa de Dexo (Oleiros) para contemplar a entrada das tres rías do golfo Ártabro.

Conxunto histórico de Betanzos. Esta vila, unha das sete capitales que conformaban o antigo reino de Galicia, e o seu casco, que aínda conserva importantes monumentos como a igrexa de San Francisco, da segunda metade do século XIV, foi declarado conxunto Histórico-Artístico.

Pazo de Mariñán. Unha boa proposta para coñecer como era a vida nun pazo galego no século XVIII, no medio dunha contorna espectacular no concello de Bergondo, que inspirou a xoia da literatura galega "O bosque animado", de Wenceslao Fernández Flórez.

Prazas da Coruña. Fermosa unión da pedra e a natureza na Cidade Vella coruñesa. A praza das Bárbaras ou a da Fariña abrigan árbores centenarias e xoias da arquitectura como a colexiata de Santa María ou a igrexa de Santiago.

O Pasatempo. Este parque, situado nas aforas de Betanzos, foi obra dos irmáns García Naveira, os grandes benefactores da vila no século XX, e concibiuse coma un parque enciclopédico que plasmara as vivencias destes indianos.




Río Mandeo

A CORUÑA


LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



RÍAS ALTAS:
A CORUÑA E AS MARIÑAS
xeodestino



RÍAS ALTAS: A CORUÑA E AS MARIÑAS destinos MÁXICOS de terra e mar



Deputación
DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo
turismo@dacoruna.gal

RÍAS ALTAS:
A CORUÑA E AS MARIÑAS
xeodestino



Un destino único no que conviven o Atlántico bravo e aberto coas abrigadas rías do golfo Ártabro, as paisaxes fluviais coa natureza agreste do interior, a puxanza da industria cos plácidos miradoiros, a pesca e a caza cos deportes náuticos... Diversidade e contrastes para unha terra que abrangue desde a capital da provincia da Coruña ata a señorial vila de Betanzos ou a turística Sada.

QUE FACER:

RUTAS

Rutas das Mariñas. Abranguen distintos percorridos en catro concellos, como son a do río Sisalde e a costa arteixá, a dos Ríos de Cambre, que permite visitar os principais leitos do municipio, o porto de Dexo e o Seixo Branco, en Oleiros, a ruta dos faros de Mera e a de Sada.

Visitas Culturais. A Coruña ofrece unha ampla variedade de visitas coas que coñecer todas as caras da cidade, e que mellor xeito que facelo da man de personaxes como Picasso, Sir John Moore, María Pita ou mesmo a ánima de Fiz de Cotobelo, coa que coñecerás os segredos do cemiterio de Santo Amaro.

FEIRAS

As feiras medievais da Coruña ou Betanzos, coa súa perfecta recreación histórica, lévannos aos tempos dos mercadores, os señores feudais ou dos xogroses cos seus cantares.



Feira medieval (Betanzos)

CAMIÑO INGLÉS

A Coruña é un dos puntos de partida do coñecido Camiño Inglés, que discorre polo norte da provincia. Partindo desta cidade, hai case 75 km ata chegar a Santiago de Compostela, aínda que nos arredores de Mesía únese ao que sae de Ferrol. O seu nome débese a que era a ruta elixida polos peregrinos procedentes principalmente de Inglaterra.

GASTRONOMÍA

A Coruña e as Mariñas reúnen o mellor da tradición e da vangarda gastronómica galega. Os máis laureados restaurantes de autor conviven con tabernas e casas de comidas nas que o denominador común é a altísima calidade da materia prima ao alcance de todos os petos.



Recreación histórica na Torre de Hércules (A Coruña)